



## FICHA RESUME

PE 403A 2008/87-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE O GROVE
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.Aurea</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ) e reloxo ( <i>D. exoleta</i> ).
<b>Ámbito do plan</b>	Zonas de autorización
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	Pendente de aclaración	
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>	240										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup>:</b>	de xaneiro a decembro.										
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>	dende embarcación										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

## Topes de captura

Especies	Embarcación	Tripulante/día
Ameixa fina		2 kg
Ameixa babosa		5 kg
Ameixa bicuda		3 kg
Ameixa xaponesa		2 kg
Ameixa rubia		5 kg
Berberecho		5 kg
Carneiro		Establecido na apertura mensual
Reloxo		Establecido na apertura mensual

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

<b>Artes a empregar</b>	Rastros e raños, de acordo co Decreto 424/1993
<b>Puntos de control</b>	O Facho (en Castrelo), As Cachadas (en Vilalonga), embarcación da confraría e lonxa do Grove.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa do Grove



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas: Casa da Toxa e Lombo do Hotel												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda e berberecho.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: todos os bancos												
Especies: ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas: sen concretar												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas: sen concretar												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

En relación cos **participantes**, segundo os datos da Delegación Territorial hai 54 embarcacións coa arte de marisqueo Z3 asociadas á confraría de O Grove. A entidade indica que o número de embarcacións é de 41, figurando na relación a embarcación que ten a arte de libre marisqueo, polo que non pode ser incluída no plan de explotación.

Na ficha resumo do plan aprobado para o ano 2008 xa se solicitaba á entidade que aclarase as diferenzas observadas entre o listado de embarcacións participantes e as que teñen a arte de marisqueo Z3 e están asociadas a entidade. Aínda que a petición xa fora efectuada anteriormente (proposta de Resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños de data 27.12.2006 para a aprobación do plan de explotación de marisqueo a flote da confraría de O Grove), na data de elaboración desta ficha a entidade non aclarou ditas diferenzas, polo que se reitera de novo que para definir o número de participantes do plan de explotación aclare por qué non están incluídas as seguintes embarcacións:

e

Na proposta mencionada da Dirección Xeral de Recursos Mariños, de data 27.12.2006, propoñíase a concesión á embarcación (que ten a arte de marisqueo zona libre) da arte de marisqueo Z3; sen embargo non houbo petición do armador a



través da entidade relativa a outorgamento desta arte, polo que se reitera que á embarcación mencionada, que figura nos plans de explotación de marisqueo a flote presentados pola confraría de O Grove, podería concedérselles esta arte, se así o solicita o armador a través da confraría.

Con respecto ao ámbito do plan, propóñense zonas de autorización (apartado 1.5.1) e de libre marisqueo (apartado 1.5.3). Estas últimas serían as zonas situadas ao costado da península de O Grove (Casueiras, Negreiriñas, Rons, Golfeiriño, Mexiloeira, Lobeira, Xidoiros...) así como as demais zonas de libre marisqueo da Ría como Bohído, Cabío, Lombos do Ulla, etc. Sen embargo, as zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa, rexeranse polas normas de libre marisqueo acordadas na Orde de aprobación do Plan Xeral de Explotación Marisqueira, mentres que as zonas de acordo coa Illa de Arousa, Cambados e O Grove deberían estar presentadas nun plan aparte como plan específico en zonas de libre marisqueo. A delegación territorial de Vigo elaborará proposta para estas zonas de acordo coas entidades, que deberán xestionarse cos mesmos días, calendarios, especies e topes de captura que figuran no plan en autorizacións a flote.

As mostraxes de outono dos anos 2007 e 2008 reflicten unha baixada importante na maioría das especies, polo que con esta tendencia non se poden autorizar os topes propostos, que deben ser reducidos, quedando tal e como se recollen na presente ficha.

Cumpre lembrar á entidade que os topes son máximos e que non se poden modificar sen previa autorización da Consellería de Pesca. A baixada de topes e unha competencia da Delegación Territorial, polo que si estiman conveniente modificar o tope deben solicitalo á Delegada que ditará resolución ao respecto.

Non se poderá extraer e comercializar ameixa babosa de talla inferior a 38 mm, de acordo coa Orde de 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixe, moluscos, crustáceos e equinodermos e co Regulamento(CE) 1298/2000, de 8 de xuño, polo que se modifica por quinta vez o Regulamento (CE) nº 850/1998 para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños nos que establécese que o tamaño mínimo regulamentario da ameixa babosa e de 38 mm.

A forquilla non esta contemplada como arte de marisqueo dende embarcación, segundo o establecido no artigo 118 do Decreto 424/1993, de 17 de decembro.

A limitación no emprego das artes que se contempla no apartado 4.2 do plan, non pode ser aceptada sen máis, requirindo para a súa valoración dunha xustificación e acordo do colectivo que non figuran no plan presentado.

As labores de erradicación de ceba (*Zoostera sp*) na Enseada deben estar informadas favorablemente pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que na data de elaboración desta non emitiu informe sobre o plan presentado.

A realización de limpeza en fins de semana non poderá ser realizada polas embarcacións do plan de explotación, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 419/1993, de 17 de decembro. Os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan, so poderán realizarse de luns a venres.

Lémbrese que cando se pretenda realizar a inmersión de especies procedentes de un



establecemento de cultivos mariños (criadoiro, batea), para continuar o seu engorde en batea ou praia, deberán solicitar á delegación territorial o correspondente documento de transporte (o titular do establecemento de orixe) e permiso de inmersión (o destinatario).

En relación co apartado 7.1.a do plan no que se contempla a posibilidade de que os mariscadores sancionados con suspensión cautelar ou definitiva dos dereitos como socios da confraría ou como integrante de calquera dos colectivos de marisqueo, quedarán apartados por un período igual do plan de traballo, ou ben de xeito definitivo, e tendo en conta o seguinte:

1. Calquera privación do dereito de exércela actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación.
2. A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recurrir á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recoméndase que no caso de que as sancións impostas pola entidade, foran recorridas ante a xurisdición ordinaria, co cal carecería de firmeza, as persoas afectadas sexan incluídas no plan de explotación ata que recaía resolución xudicial definitiva. O obxecto desta medida sería respetar os dereitos da persoa ao traballo e á asociación, que poderían verse afectados no caso de que a sanción fose finalmente anulada en vía xudicial.

Recoméndase, para a mellora do plan de explotación:

- Revisar o apartado 5.7 que en varios parágrafos fai referencia ao colectivo de mariscadoras a pé.
- Aprobación das normas do plan polo colectivo de marisqueo a flote.
- Detallar a organización dos puntos de control, así como dos traballos de semicultivo.
- Presentar un plan financeiro mais completo.

---

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración

---